



## MISA CON NENOS

23 de maio de 2021

### PENTECOSTE

Evanxeo de san Xoán 20,19-23

*“Como o Pai me enviou,  
así tamén vos envío eu. Recibide o Espírito  
Santo”.*

Mensaxe: PENTECOSTE

O lume do Espírito elévanos e móvenos



#### 1. ACOLLIDA

Benvidos á celebración do domingo de Pentecoste, o último día da cincuentena pascual. Hoxe invocamos a experiencia dos apóstolos: o Espírito descende sobre eles, énechos de coraxe e lánzaos a evangelizar, dando testemuño do Señor Xesús. Como entón, nós celebramos que Xesús nos regala o seu Espírito que nos fai homes e mulleres novos e échenos de forza para difundir con paixón o Evanxeo. Dános ás para elevarse para buscar a felicidade en Deus, que nos une e nos sostén. É **o lume e o espírito o que nos eleva e nos move** por dentro, é dicir, é o Espírito Santo o que nos enche de alegría, de ganas de vivir a nosa fe como membros da Igrexa de Cristo. Digámoslle hoxe: **Ven Espírito Santo!, móvenos, inspíranos, dános os teus sete dons.** (Un cartel: “O lume e o espírito elévanos e móvenos”).



SAÚDO: No nome... - **O Deus da vida que resucitou a Xesús e, pola acción do Espírito Santo, échenos de alegría e de paz, sexa convosco.**

#### 2. PETICIÓNS DE PERDÓN ou ASPERSIÓN

*Pedimos perdón ao Señor polos pecados persoais e colectivos ao celebrar a Eucaristía:*

- Porque moitas veces vivimos de costas á acción do teu Espírito, dicímosche: *Señor, ten piedade de nós.*
- Polos obstáculos que poñemos á manifestación do teu Espírito nas nosas vidas, rogámosche: *Cristo, ten piedade de nós.*
- Polas veces que non fomos testemuñas da bondade de Deus segundo o Espírito de Xesús, pedímosche: *Señor, ten piedade de nós.*

#### MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas deste domingo fálannos todas do Espírito Santo. O libro dos Feitos narra a vinda do Espírito aos apóstolos enchéndose todos del e falando en diversas linguas. S. Paulo afirma que é a acción de Espírito a que nos leva a confesar a Xesús, a estar unidos e a vivir os carismas que el nos regalou. No evanxeo, Xesús preséntase no medio dos apóstolos e énechos de paz, de alegría e dálles o poder de perdoar.



#### 4. PETICIÓNS

*Pidamos ao Pai que nos envíe e nos robusteza coa forza do Espírito de Xesús.*

**-Dános, Señor, o teu Espírito.**

1. Que o teu Espírito encha a terra de paz. **Oremos.**
2. Que o teu Espírito chegue a todos os que necesitan esperanza. **Oremos.**
3. Que o teu Espírito abrande os corazóns empobrecidos. **Oremos.**
4. Que o teu Espírito ilumine os que están na noite do egoísmo. **Oremos.**
5. Que o teu Espírito nos regale os seus dons de sabedoría e fortaleza. **Oremos.**
6. Que o teu Espírito nos inspire a realizar o que che é grato. **Oremos.**
7. Que o teu Espírito guíe os que te buscan. **Oremos.**
8. Que o teu Espírito nos dea o gusto das benaventuranzas. **Oremos.**
9. Que o teu Espírito nos anime a querer a Deus máis que ás cousas. **Oremos.**
10. Que o teu Espírito nos axude aos que imos comulgar por primeira vez, a serche fieis. **Oremos.**

11. Que o teu Espírito encha de forza renovadora aos que recibiron ou recibirán proximamente a confirmación. **Oremos.**

*Envía o teu Espírito, Señor, para que sempre vivamos na túa presenza. Por XNS...*

## 5. OFRENDAS

**CRISMA:** Hoxe presentámosche o Crisma usado no noso bautismo e na confirmación. No Bautismo recibimos o Espírito Santo que nos fai cristiáns, nacemos á vida divina e entramos na Igrexa. Na confirmación o Espírito de Xesús fainos crecer e perfeccionanos como cristiáns.

**SETE CANDEAS VERMELLAS:** Con estas sete candeas acesas queremos representar os 7 dons que o Espírito dá aos que seguen a Xesús: Sabedoría, Intelixencia, Consello, Fortaleza, Ciencia, Piedade e Temor de Deus.

**PAN E VIÑO:** Co pan e o viño traemos ante o altar o noso desexo de mellorar o mundo. Que nunca falten forzas nas nosas mans, ideas na nosa cabeza e vontade nos nosos corazóns para dispoñernos cara ao ben.

## 6. APAGAMOS O CIRIO PASCUAL

Hoxe apagamos o cirio pascual ao finalizar a eucaristía porque terminamos o tempo alegre de Pascua no que o mantivemos aceso coma se fose un só día, un gran domingo. Neste tempo celebramos a Resurrección de Xesús e a súa presenza entre nós na Eucaristía, na súa Palabra, na comunidade, nos necesitados. Hoxe conclúe este tempo de Pascua. Agora é o tempo da Igrexa, é o noso tempo, para facer presente a Xesús no mundo e realizar a misión evanxelizadora que nos encomendou, para iso recibimos a forza do Espírito.

## 7. SUXESTIÓNS

- Aprende e reza as oracións que nos falan do Espírito santo: “Gloria ao Pai”, o “Credo” ou a secuencia de Pentecoste: “Ven Espírito divino, manda a túa luz desde o ceo. Pai amoroso do pobre, don nos teus dons espléndido. Luz que penetras as almas, fonte do maior consolo”.
- Elaborade un mural sobre os froitos do Espírito (Gál 5, 22-23). Vede como familiarizarvos co Espírito Santo para vivir cheos de forza, como auténticas testemuñas de Xesús.

## 8. VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO DE PENTECOSTE B, Xn 20, 19-23.

- O 23 de maio, Festa de Pentecoste, celébrase o Día da Acción Católica e Apostolado Segrar, este ano baixo o lema, «Os soños constrúense xuntos». Recursos; <https://www.conferenciaepiscopal.es/accion-catolica-apostolado-seglar/>
- Alex Navarro Mulet presenta en YouTube o Evanxeo do domingo para nenos de forma simpática, con toques de humor... (“Cousas de Deus”) [Sóbeo os sábados] [https://www.youtube.com/channel/UCft6btUTuaN3TRF\\_syJixww/videos](https://www.youtube.com/channel/UCft6btUTuaN3TRF_syJixww/videos)
- Debuxos, Pentecoste: <https://www.youtube.com/watch?v=JlK3F3xHWjU> <https://www.youtube.com/watch?v=iKlpoZPO3Ew> <https://youtu.be/UNzoh47dVIE>
- Debuxos que presentan o Espírito Santo [https://www.youtube.com/watch?v=xmCeU\\_NaQLA](https://www.youtube.com/watch?v=xmCeU_NaQLA) <https://www.youtube.com/watch?v=WOiRlnUfDY>
- Pentecoste, película: <https://youtu.be/vMNEYCiSSUA> <https://youtu.be/GiK3KivjYSM> <https://youtu.be/C3UMrok5OVQ> (Narración); <https://youtu.be/mjTzAH9A5ao> (En inglés, con subtítulos)
- Pentecoste, cantos: Pentecoste, Javier Brú: <https://www.youtube.com/watch?v=3DI7hvu4O9Y>; Ven Espírito divino, Canto católico: <https://www.youtube.com/watch?v=HJ622tR3QnY>
- Pentecoste, reflexións: “Enviados a compartir vida” - Verbo Divino 2015: [https://www.youtube.com/watch?v=S0H2ws4uj\\_A](https://www.youtube.com/watch?v=S0H2ws4uj_A); “Podes sentilo” - Verbo Divino 2018: <https://www.youtube.com/watch?v=NdLwo0AVjTE> “Construíndo soños xuntos” - Verbo Divino 2021: <https://www.youtube.com/watch?v=mcBplmsrnRk>
- Evanxeo en linguaxe de signos: [https://www.youtube.com/watch?v=K3Yb6\\_zloOc](https://www.youtube.com/watch?v=K3Yb6_zloOc)
- Ven Espírito Santo, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=iMkFr-p-CBY&index=17&list=PL646FE3A66EF6373F>



**Cando estamos desorientados  
podemos sentir que alguén nos guía na nosa cegueira.  
Cando estamos paralizados polo medo  
podemos sentir algo que nos abraza con seguridade.  
Cando estamos indefensos  
podemos sentir algo que nos protexe con forza.  
Cando estamos cheos de dúbidas  
pode brillar en nós con pequenas luces a verdade.**

**“O espírito que sentides son eu que estou convosco...  
Recibide o Espírito Santo”, di Xesús.**